

A temperatura media da provincia da Coruña incrementouse 0,7 ° C nos últimos 30 anos por mor do cambio climático

- **Un estudio da Fundación Matrix coa colaboración da Deputación da Coruña analizou os datos dos distintos concellos nos últimos 60 anos como parte do proxecto CLIMACO, que estuda o fenómeno do cambio climático recente na provincia da Coruña.**
- **O proxecto inclúe a impartición de charlas de concienciación como actividade nos centros de ensino público da Coruña que o soliciten.**
- **A iniciativa busca fomentar na xente nova actitudes que favorezan a protección ambiental e a promoción de comportamentos sostibles.**

Vigo, 04 de novembro de 2021.- A Fundación Matrix volve ás aulas da Coruña cos resultados da segunda fase do seu proxecto CLIMACO, cofinanciado pola Deputación da Coruña.

A investigación da Fundación Matrix indica que a temperatura media anual experimentou un aumento de 0,7°C de media no conxunto da provincia da Coruña entre os períodos climáticos (1961-1989) e (1991-2019). A temperatura media mínima anual experimentou un cambio a alza máis importante (+ 0,8 °C) fronte á media máxima anual (+0,6°C).

Nesta segunda fase do proxecto ampliarase o [Atlas do cambio climático recente](#) no que se recolleran os novos datos cuantitativos a unha escala espacial única, a parroquial, sobre a realidade do cambio climático na provincia da Coruña, entre outras actividades.

O proxecto inclúe a impartición de charlas de concienciación dirixida principalmente ao alumnado de Bacharelato da provincia da Coruña, e indirectamente á sociedade galega.

As charlas xa se están impartindo e prolongaranse durante o mes de decembro de forma telemática. Estarán dirixidas por Alberto González, investigador especialista en Climatoloxía da Fundación Matrix. A súa misión será transmitir aos mozos e mozas cal é o estado actual do clima na área de estudo e o seu recente cambio acontecido.

A iniciativa busca que os alumnos sexan conscientes da realidade do cambio climático dende unha perspectiva local, e fomentar neles a promoción de comportamentos sostibles que reduzcan as emisións de CO₂ e coiden do medio ambiente. Só na provincia, as emisións difusas deste gas de efecto invernadoiro supera os 2,8 millóns de toneladas de CO₂ ao ano.

En palabras de Alberto González, investigador especialista en Climatoloxía da Fundación Matrix:

“O cambio climático é unha realidade incuestionable, e a provincia da Coruña non é unha excepción. Queremos levar os resultados desta investigación local aos máximos centros educativos e institutos posibles, para concienciar os mozos e mozas da importancia de comprometerse na loita contra o cambio climático”.

O seguimento do cambio climático dende unha perspectiva local é novidoso e de gran utilidade para a adaptación.

Toda a información estará a disposición de tódolos cidadáns na páxina web da Fundación Matrix a través dun visor cartográfico e un Atlas dixital onde se pode observar como mudou o clima en diversos indicadores a unha escala de gran detalle, a parroquial.



[Pódese acceder ao Atlas do cambio climático recente a través desta ligazón.](#)

© 2021 Fundación Matrix, Investigación e Desenvolvemento Sostible.
Toda publicación de información ou datos do estudo CLIMACO debe referenciar os dereitos de autoría da Fundación Matrix e a cofinanciación dá Deputación da Coruña.

ACERCA DE FUNDACIÓN MATRIX:

Con case 15 anos de experiencia, a Fundación Matrix, Investigación y Desarrollo Sostenible é unha organización privada e sen fins lucrativos. Nació na Universidade de Vigo, no Laboratorio de Ecoloxía Aplicada, dende un compromiso activo cos principios universais de sustentabilidade. A súa misión é contribuír de forma práctica e eficaz á sustentabilidade; preservar o medio ambiente e os recursos naturais para as seguintes xeracións, a par de, mellorar a calidade de vida da sociedade actual.

www.fundacionmatrix.com

Para ampliar información ou solicitar entrevista, contactar:

Sira March

Comunicación y Relaciones Institucionales – Fundación Matrix

comunicacion@fundacionmatrix.es | Teléfono: 986 465 267 – 682 555 469